



**Concello de Vigo**

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL  
Sesión do 20 de febreiro de 2023 (1394/1102)**

**ASISTENTES:**

**Membros :**

D. Abel Caballero Álvarez  
D. Francisco Javier Pardo Espiñeira  
D<sup>a</sup> Elena Espinosa Mangana  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> José Caride Estévez  
D. Abel Losada Álvarez  
D. Jaime Aneiros Pereira  
D<sup>a</sup> Patricia Rodríguez Calviño

**NON ASISTEN:**

D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Carmen Silva Rego  
D. Carlos López Font  
D<sup>a</sup> Yolanda Aguiar Castro

Na Casa do Concello de Vigo, ás catorce horas e vinte e cinco minutos do día vinte de febreiro de dous mil vinte e tres e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretario o concelleiro Sr. Losada Álvarez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Está tamén presente por invitación, o secretario xeral do Pleno (Resolución 13/02/2023), Sr. Riesgo Boluda.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(107).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.**

A Xunta de Goberno local ratifica a urxencia da sesión.

Antes do tratamento dos asuntos para a súa aprobación, pola Secretaría do Goberno Local recóllese declaración expresa dos membros da Xunta de Goberno Local presentes na sesión de non incorrer en posible conflito de intereses, nos termos establecidos no modelo aprobado para a Xunta de Goberno Local por Resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 24.02.2021, e de conformidade co Plan de Integridade na Contratación, aprobado pola Xunta de Goberno Local en data 12.12.2020, e o seu Desenvolvemento Operativo aprobado por resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 17.12.2019.

**2(108).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DAS OBRAS DO PROXECTO DE “RENOVACIÓN DA CAPA DE RODADURA EN DISTINTAS VÍAS MUNICIPAIS EN ZONA RURAL DAS PARROQUIAS DO CONCELLO DE VIGO. LOTE LESTE”. EXPTE. 1590/441.**

Visto o informe xurídico do 16/02/2023 e o informe de fiscalización do 17/02/2023, dáse conta do informe-proposta de data 15/02/2023, asinado pola técnica de xestión, polo técnico de administración xeral, polo concelleiro-delegado da Área de Fomento e Servizos e o concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

**I.- ANTECEDENTES DE FEITO.**

I.- O Concelleiro-Delegado da Área de Fomento en data 25.10.2022 resolveu o autorizar o gasto para a redacción do proxecto de renovación da capa de rodadura en distintas vías municipais en zona rural das parroquias do Concello de Vigo a favor da mercantil Galaicontrol S.L.

II.- A devandita empresa presentou borrador de proxecto de “RENOVACIÓN DA CAPA DE RODADURA EN DISTINTAS VÍAS MUNICIPAIS EN ZONA RURAL DAS PARROQUIAS DO CONCELLO DE VIGO. LOTE LESTE”, redactado pola Enxeñeira de Camiños, Canles e Portos Dña. M<sup>a</sup> Trinidad López Rodríguez, cun orzamento base de licitación máis IVE de SEISCENTOS SETENTA E TRES MIL CENTO NOVENTA E CINCO EUROS CON CINCUENTA E NOVE CÉNTIMOS (673.195,59 €), con data novembro de 2022 e asinado dixitalmente en data 18 de xaneiro de 2023.

III.- Previo informe da Enxeñeira Técnica da Oficina de Supervisión de Proxectos, Inspección Técnica de Obras e Asistencia Técnica Municipal de data 03.02.2023, e o pertinente informe xurídico con proposta de resolución asinado en data 06.02.2023, a Xunta de Goberno Local, en sesión de data 09.02.2023 aprobou o proxecto de obras de “RENOVACIÓN DA CAPA DE RODADURA EN DISTINTAS VÍAS MUNICIPAIS EN ZONA RURAL DAS PARROQUIAS DO CONCELLO DE VIGO. LOTE LESTE”, redactado pola Enxeñeira de Camiños, Canles e Portos Dña. M<sup>a</sup> Trinidad López Rodríguez, cun orzamento base de licitación máis IVE de SEISCENTOS SETENTA E TRES MIL CENTO NOVENTA E CINCO EUROS CON CINCUENTA E NOVE CÉNTIMOS (673.195,59 €), con data novembro de 2022 e asinado dixitalmente en data 18 de xaneiro de 2023.

IV.- No expediente de contratación consta a documentación que segue:

- A) O proxecto obxecto do expediente aprobado pola XGL en sesión de data 09.02.2023 que se corresponde co expediente administrativo 5.900-443, e que inclúe Prego de Prescricións Técnicas redactado pola Enxeñeira de Camiños, Canles e Portos, M<sup>a</sup> Trinidad López Rodríguez, asinado en xaneiro de 2023.
- B) Informe de xustificación da necesidade e idoneidade do contrato asinado pola Técnica de Xestión, polo Xefe de Vías, Obras e Infraestruturas e polo Técnico de Administración Xeral de data 9 de febreiro de 2023.
- C) Resolución de inicio do expediente de contratación asinada polo Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos de data 9 de febreiro de 2023.
- D) Memoria económica asinada pola Técnica de Xestión, polo Técnico de Administración Xeral e polo Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos de data 9 de febreiro de 2023.



## Concello de Vigo

- E) Certificado de crédito asinado pola Dirección Superior Contable municipal en data 10 de febreiro de 2023.
- F) Acta de replanteo do correspondente proxecto asinada polo Xefe de Vías, Obras e Infraestruturas en data 10 de febreiro de 2023.
- G) Memoria xustificativa para a redacción do PCAP redactada polo Servizo Xestor e asinada en data 10 de febreiro de 2023.
- H) Informe do Servizo de Contratación de comprobación da documentación esixida pola normativa de contratación pública, asinado pola Xefa do Servizo de Contratación con data 14 de febreiro de 2023.
- I) Prego de Cláusulas Administrativas Particulares asinado pola Xefa do Servizo de Contratación con data 14 de febreiro de 2023.

### II.- FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS

**Primeiro.-** A iniciación do expediente de contratación corresponde ao Órgano de Contratación (artigo 116.1 LCSP), que nos municipios de gran poboación, como é o de Vigo, é a Xunta de Goberno Local (disposición adicional 2ª. 4 LCSP) e, por delegación desta (acordo da Xunta de Goberno Local de 20.06.2019), aos concelleiros de Área.

**Segundo.-** O expediente refírese á totalidade do obxecto do contrato e nel, e no expediente que se achega, constan as actuacións preparatorias do contrato de obras, esixidas polos artigos 231 e seguintes da LCSP —elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do proxecto— así como o Prego de Cláusulas Administrativas particulares e o de Prescricións Técnicas, reitores do contrato.

**Terceiro.-** No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato (artigo 28 e 116.4.e da LCSP), a clasificación esixida aos participantes (artigo 116.4.b da LCSP), os criterios de solvencia económica e financeira (artigo 116.4.c da LCSP), o valor estimado do contrato con indicación de todos os conceptos que o integran, incluíndo os custes laborais (artigo 116.4.d da LCSP) a xustificación do prezo do contrato e o seu método de cálculo (artigo 112 da LCSP), os criterios de adjudicación e a súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 da LCSP), a non división en lotes (artigo 116.4.g da LCSP), así como as fórmulas de valoración (artigo 146.2 da LCSP). Non é necesaria a xustificación do procedemento por tratarse dun procedemento aberto. Xustifícase a adecuación urbanística (informe da oficina de supervisión de proxectos de data 03.02.2023) e o cumprimento da normativa sectorial.

**Cuarto.-** Consta na memoria económica elaborada polo servizo xestor xustificación de non desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).

**Quinto.-** É preceptivo previa aprobación do expediente de informe da titular da asesoría xurídica (Disposición adicional 3ª.8 da LCSP), así como a incorporación de certificado de existencia de crédito e fiscalización previa da Intervención (artigo 116.3 LCSP)

**Sexto.-** A aprobación do expediente de contratación correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª. 4 LCSP),

Por todo o exposto, e unha vez se incorporen ao expediente informe da titular da asesoría xurídico e o informe de fiscalización que van ditos, propónse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

**Primeiro.-** Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras do proxecto de “**RENOVACIÓN DA CAPA DE RODADURA EN DISTINTAS VÍAS MUNICIPAIS EN ZONA RURAL DAS PARROQUIAS DO CONCELLO DE VIGO. LOTE LESTE**”, redactado pola Enxeñeira de Camiños, Canles e Portos, Dna. M<sup>a</sup> Trinidad López Rodríguez.

**Segundo.-** Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexerá o contrato asinado pola Xefa do Servizo de Contratación con 14 de febreiro de 2023.

**Terceiro.-** Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de **SEISCENTOS SETENTA E TRES MIL CENTO NOVENTA E CINCO EUROS CON CINCUENTA E NOVE CÉNTIMOS (673.195,59 €)** , sendo o importe correspondente ao IVE de 116.835,60 €.

Para o seo financiamento aplicaranse os créditos do orzamento do Concello de Vigo, na partida orzamentaria 1532 210 00 04 (Plan reinv. firmes barrios-parroquias cof), segundo a seguinte distribución de anualidades:

2023	673.195,59 €
------	--------------

**Cuarto.-** Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

### **3(109).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DAS OBRAS DO PROXECTO DE “PAVIMENTACIÓN DA RÚA CONDE DE TORRECEDEIRA”. EXPTE. 1593/441**

Visto o informe xurídico do 16/02/2023 e o informe de fiscalización do 17/02/2023, dáse conta do informe-proposta e data 15/02/2023, asinado pola técnica de xestión, polo técnico de administración xeral, polo concelleiro-delegado da Área de Fomento e Servizos e o concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

#### **I.- ANTECEDENTES DE FEITO.**

**I.-** O Concelleiro-Delegado da Área de Fomento en data 01.04.2022 resolveu o autorizar o gasto para a redacción do proxecto de pavimentación da rúa Conde de Torrecedeira a favor da mercantil Proyfe S.L..

**II.-** A devandita empresa presentou borrador de proxecto de “PAVIMENTACIÓN DA RÚA CONDE DE TORRECEDEIRA”, redactado polo Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos, D. Javier Pardiñas Lamas, cun orzamento base de licitación máis IVE de SEISCENTOS SETENTA E TRES MIL DOUSCIENTOS VINTE E CATRO EUROS CON SETENTA E UN CÉNTIMOS (673.224,71 €) e asinado dixitalmente en outubro do 2022.



## Concello de Vigo

**III.-** Previo informe do Enxeñeiros de Camiños, Canais e Portos e da Enxeñeira Técnica da Oficina de Supervisión de Proxectos, Inspección Técnica de Obras e Asistencia Técnica Municipal de data 21.11.2022, e o pertinente informe xurídico con proposta de resolución asinado na mesma data, a Xunta de Goberno Local, en sesión de data 01.12.2022 aprobou o proxecto de “PAVIMENTACIÓN DA RÚA CONDE DE TORRECEDEIRA”, redactado polo Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos, D. Javier Pardiñas Lamas, cun orzamento base de licitación máis IVE de SEISCENTOS SETENTA E TRES MIL DOUSCENTOS VINTE E CATRO EUROS CON SETENTA E UN CÉNTIMOS (673.224,71 €) e asinado dixitalmente en outubro do 2022.

**IV.-** No expediente de contratación consta a documentación que segue:

- A) O proxecto obxecto do expediente aprobado pola XGL en sesión de data 01.12.2022 que se corresponde co expediente administrativo 5.617-443, e que inclúe Prego de Prescricións Técnicas redactado polo Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos, D. Javier Pardiñas Lamas, asinado en outubro de 2022.
- B) Informe de xustificación da necesidade e idoneidade do contrato asinado pola Técnica de Xestión, polo Xefe de Vías, Obras e Infraestruturas e polo Técnico de Administración Xeral de data 9 de febreiro de 2023.
- C) Resolución de inicio do expediente de contratación asinada polo Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos de datas 9 e 10 de febreiro de 2023.
- D) Memoria económica asinada pola Técnica de Xestión, polo Técnico de Administración Xeral e polo Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos de data 13 de febreiro de 2023.
- E) Certificado de crédito asinado pola Dirección Superior Contable municipal en data 13 de febreiro de 2023.
- F) Acta de replanteo do correspondente proxecto asinada polo Xefe de Vías, Obras e Infraestruturas en data 13 de febreiro de 2023.
- G) Memoria xustificativa para a redacción do PCAP redactada polo Servizo Xestor e asinada en data 13 de febreiro de 2023.
- H) Informe do Servizo de Contratación de comprobación da documentación esixida pola normativa de contratación pública, asinado pola Xefa do Servizo de Contratación con data 15 de febreiro de 2023.
- I) Prego de Cláusulas Administrativas Particulares asinado pola Xefa do Servizo de Contratación con data 15 de febreiro de 2023.

## **II.- FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS**

**Primeiro.-** A iniciación do expediente de contratación corresponde ao Órgano de Contratación (artigo 116.1 LCSP), que nos municipios de gran poboación, como é o de Vigo, é a Xunta de Goberno Local (disposición adicional 2ª. 4 LCSP) e, por delegación desta (acordo da Xunta de Goberno Local de 20.06.2019), aos concelleiros de Área.

**Segundo.-** O expediente refírese á totalidade do obxecto do contrato e nel, e no expediente que se achega, constan as actuacións preparatorias do contrato de obras, esixidas polos artigos 231 e

seguintes da LCSP —elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do proxecto— así como o Prego de Cláusulas Administrativas particulares e o de Prescricións Técnicas, reitores do contrato.

**Terceiro.**-No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato (artigo 28 e 116.4.e da LCSP), a clasificación esixida aos participantes (artigo 116.4.b da LCSP), os criterios de solvencia económica e financeira (artigo 116.4.c da LCSP), o valor estimado do contrato con indicación de todos os conceptos que o integran, incluíndo os custes laborais (artigo 116.4.d da LCSP) a xustificación do prezo do contrato e o seu método de cálculo (artigo 112 da LCSP), os criterios de adxudicación e a súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 da LCSP), a non división en lotes (artigo 116.4.g da LCSP), así como as fórmulas de valoración (artigo 146.2 da LCSP). Non é necesaria a xustificación do procedemento por tratarse dun procedemento aberto. Xustifícase a adecuación urbanística (informe da oficina de supervisión de proxectos de data 21.11.2022) e o cumprimento da normativa sectorial.

**Cuarto.**- Consta na memoria económica elaborada polo servizo xestor xustificación de non desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).

**Quinto.**- É preceptivo previa aprobación do expediente de informe da titular da asesoría xurídica (Disposición adicional 3ª.8 da LCSP), así como a incorporación de certificado de existencia de crédito e fiscalización previa da Intervención (artigo 116.3 LCSP)

**Sexto.**- A aprobación do expediente de contratación correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª. 4 LCSP),

Por todo o exposto, e unha vez se incorporen ao expediente informe da titular da asesoría xurídico e o informe de fiscalización que van ditos, propónse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

**Primeiro.**- Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras do proxecto de “**PAVIMENTACIÓN DA RÚA CONDE DE TORRECEDEIRA**”, redactado polo Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos, D. Javier Pardiñas Lamas.

**Segundo.**- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexerá o contrato asinado pola Xefa do Servizo de Contratación con 15 de febreiro de 2023.

**Terceiro.**- Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de **SEISCENTOS SETENTA E TRES MIL DOUSCENTOS VINTE E CATRO EUROS CON SETENTA E UN CÉNTIMOS (673.224,71 €)**, sendo o importe correspondente ao IVE de 116.840,65 €.

Para o seo financiamento aplicaranse os créditos do orzamento do Concello de Vigo, na partida orzamentaria 1532 210 00 04 (Plan renv. firmes barrios-parroquias cof), segundo a seguinte distribución de anualidades:

2023	673.224,71 €
------	--------------



## Concello de Vigo

**Cuarto.-** Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **4(110).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DAS OBRAS DO PROXECTO DE “MELLORA DA PAVIMENTACIÓN DAS RÚAS DO CARME E CESÁREO GONZÁLEZ”. EXPTE. 1438/441.**

Visto o informe de fiscalización do 16/02/2023, dáse conta da proposta da Mesa de Contratación realizada na mesma data, que di o seguinte:

##### 11.- Propostas de adxudicación

c) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de “Mellora da pavimentación das rúas do Carme e Cesáreo González” (1.438-441)

### **LEXISLACIÓN APLICABLE**

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de “Mellora da pavimentación das rúas do Carme e Cesáreo González” (1.438-441)

### **ANTECEDENTES**

**Primeiro.-** Con data do 9 de decembro de 2022 a Xunta de Goberno local, acordou:

*“Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras do proxecto de “MELLORA DA PAVIMENTACIÓN DAS RÚAS DO CARME E CESÁREO GONZÁLEZ”, redactado polo Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos D. David Pardiñas Lamas cun orzamento base de licitación máis IVE de CENTO SETENTA E DOUS MIL NOVECENTOS CORENTA E NOVE EUROS CON ONCE CÉNTIMOS (172.949,11€), e con sinatura dixital de data Setembro de 2022*

*Segundo.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexerá o contrato asinado pola Técnica de Administración Xeral do Servizo de Contratación e a Xefa do Servizo de Contratación con 16 de novembro de 2022.*

*Terceiro.- Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de CENTO SETENTA E DOUS MIL NOVECENTOS CORENTA E NOVE EUROS CON ONCE CÉNTIMOS (172.949,11 €), sendo o importe correspondente ao IVE de 30.015,96 €*

*Para o seo financiamento aplicaranse os créditos do orzamento do Concello de Vigo, na partida orzamentaria 1532 210 00 04 (Plan reinv. firmes barrios-parroquias cof), segundo a seguinte distribución de anualidades:*

2022	15.000,00 €
2023	157.949,11 €

*As diferentes anualidades imputaranse aos exercicios orzamentarios detallados, quedando o gasto subordinado ao crédito que para cada exercicio se consigne no orzamento, segundo o disposto no artigo 117.2 LCSP.*

*Cuarto.- Para posibilitar a execución do contrato, conforme ao plan de obra previsto e ás dispoñibilidades orzamentarias, modifícanse as porcentaxes de gastos establecidas para os importes plurianuais, en base ao disposto no artigo 174 do RDL 2/2004 de 5 de marzo que aproba o texto refundido da Lei de Facendas Locais, quedando establecida unha modificación dos porcentaxes previstos para a segunda anualidade dun 1.052,99%, con respecto á primeira anualidade.*

*Quinto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente”.*

**Segundo.-** A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 3 de febreiro de 2023 adoptou a seguinte resolución:

*“Primeiro.- Excluir deste procedemento a CONSTRUCCIONES VALE, S.L., por conter as súas ofertas valores anormais ou desproporcionados, sen que se tivesen xustificadas ao non presentar xustificación algunha en prazo consonte ao informe asinado pola técnica de xestión e o xefe da Área de Inversións o 30 de xaneiro de 2023.*

*Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento para a contratación das obras do proxecto de “Mellora da pavimentación das rúas do Carme e Cesáreo González” (1438-441) na seguinte orde:*

	<b>Clasificación de orden:</b>	<b>Baixa ofertada</b>
<b>1</b>	<b>CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A. (COVSA)</b>	<b>30.773,51 €</b>
2	UTE ORESA CONSTRUCCION Y SERVICIOS GLOBALES, S.L. - ANTO-	24.155,70 €





## Concello de Vigo

	<b>Clasificación de orden:</b>	<b>Baixa ofer-tada</b>
	NIO FILLOY, S.A.	
3	MOVIMIENTO DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.	21.754,43 €
4	CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.	21.725,84 €
5	GALSUR PROYECTOS Y OBRAS, S.L.U.	20.325,09 €
6	NAROM, S.L.	6.217,60 €

*Terceiro.-* Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A. (COVSA) (A36008886), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares."

**Terceiro.-** Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A. (COVSA), o día 6 de febreiro de 2023, que presenta a documentación requirida o 14 de febreiro, dentro do prazo concedido.

**Cuarto.-** A Mesa de Contratación na sesión do 16 de febreiro de 2023 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

### **FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

**Primeiro.-** A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A. (COVSA), como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

**Segundo.-** A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no

artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A. (COVSA), de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliábeis mediante xuízo de valor e das proposicións avaliábeis mediante fórmula, de datas 16 e 30 de xaneiro de 2023, respectivamente.

**Terceiro.-** A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

1. *“Tomar razón da exclusión adoptada pola concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 3 de febreiro de 2023, de CONSTRUCCIONES VALE, S.L., por conter as súa oferta valores anormais ou desproporcionados, sen que se tivesen xustificadas ao non presentar xustificación algunha en prazo consonte ao informe asinado pola técnica de xestión e o xefe da Área de Inversións o 30 de xaneiro de 2023.*
2. *Adxudicar a CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A. (COVSA) (A-36.008.886) o procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de “Mellora da pavimentación das rúas do Carme e Cesáreo González” (1.438-441) por un importe total de 135.713,16 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 23.553,52 euros.*

*Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.*

Este proxecto é susceptible de ser cofinanciado pola Deputación provincial de Pontevedra, a través do CONVENIO DE COLABORACIÓN COA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA A EXECUCIÓN DUN “PLAN DE MELLORA DA MOBILIDADE URBANA SOSTIBLE NA CIDADE DE VIGO 2021/2023, RECUPERACIÓN DO SISTEMA DUNAR NA PRAIA DE SAMIL E MELLORA DA CUBRICIÓN DO PATIO NO COLEXIO CEIP JAVIER SENSAT”. EXPTE. 954/441

## **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.



## Concello de Vigo

### **5(111).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DAS OBRAS DO PROXECTO DE “MELLORA DA PAVIMENTACIÓN DA RÚA NIGRÁN”. EXPTE. 1446/441.**

Visto o informe de fiscalización do 16/02/2023, dáse conta da proposta da Mesa de Contratación realizada na mesma data, que di o seguinte:

#### 11.- Propostas de adxudicación

d) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de “Mellora da pavimentación da rúa Nigrán” (1.446-441)

### **LEXISLACIÓN APLICABLE**

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de “Mellora da pavimentación da rúa Nigrán” (1.446-441)

### **ANTECEDENTES**

**Primeiro.-** Con data do 9 de decembro de 2022 a Xunta de Goberno local, acordou:

*“Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras do proxecto de “PAVIMENTACIÓN DA RÚA NIGRÁN”, redactado pola Enxeñeira de Camiños, Canles e Portos, D<sup>a</sup> María Ferreiro Núñez*

*Segundo.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexerá o contrato asinado pola Técnica de Administración Xeral do Servizo de Contratación e a Xefa do Servizo de Contratación con 16 de novembro de 2022.*

*Terceiro.- Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de CIENTO TRES MIL CATROCIENTOS SESENTA E OITO EUROS CON QUINCE CÉNTIMOS (103.468,15 €), sendo o importe correspondente ao IVE de 17.957,28 €.*

*Para o seo financiamento aplicaranse os créditos do orzamento do Concello de Vigo, na partida orzamentaria 1532 210 00 04 (Plan rev. firmes barrios-parroquias cof), segundo a seguinte distribución de anualidades:*

2022	10.000,00 €
2023	93.468,15€

As diferentes anualidades imputaranse aos exercicios orzamentarios detallados, quedando o gasto subordinado ao crédito que para cada exercicio se consigne no orzamento, segundo o disposto no artigo 117.2 LCSP.

Cuarto.- Para posibilitar a execución do contrato, conforme ao plan de obra previsto e ás disponibilidades orzamentarias, modifícanse as porcentaxes de gastos establecidas para os importes plurianuais, en base ao disposto no artigo 174 do RDL 2/2004 de 5 de marzo que aproba o texto refundido da Lei de Facendas Locais, quedando establecida unha modificación dos porcentaxes previstos para a segunda anualidade dun 934,68 %, con respecto á primeira anualidade.

Quinto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente”.

**Segundo.-** A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 3 de febreiro de 2023 adoptou a seguinte resolución:

“Primeiro.- Excluir deste procedemento a CONSTRUCCIONES VALE, S.L., por conter a súa oferta valores anormais ou desproporcionados, sen que se tivesen xustificado ao non presentar xustificación algunha en prazo consonte ao informe asinado pola técnica de xestión e o xefe da Área de Inversións o 30 de xaneiro de 2023.

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de “Mellora da pavimentación da rúa Nigrán” (1446-441) na seguinte orde:

	<b>Clasificación de orden:</b>	<b>Baixa oferta-da</b>
<b>1</b>	<b>CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A. (COVSA)</b>	<b>15.614,29 €</b>
2	CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.	10.346,83 €
3	ORESA CONSTRUCCION Y SERVICIOS GLOBALES, S.L.	9.064,15 €
4	MOVIMIENTO DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.	6.934,93 €
5	GALSUR PROYECTOS Y OBRAS, S.L.U.	6.079,82 €
6	VIAS E SERVIZOS COMPOSTELA, S.L.	5.327,33 €
7	NAROM, S.L.	3.232,32 €

Terceiro.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A. (COVSA) (A36008886), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares.”



## Concello de Vigo

**Terceiro.-** Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A. (COVSA), o día 7 de febreiro de 2023, que presenta a documentación requirida o 14 de febreiro, dentro do prazo concedido.

**Cuarto.-** A Mesa de Contratación na sesión do 16 de febreiro de 2023 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

### **FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

**Primeiro.-** A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A. (COVSA), como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

**Segundo.-** A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A. (COVSA), de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliadas mediante xuízo de valor e das proposicións avaliadas mediante fórmula, de datas 16 e 30 de xaneiro de 2023, respectivamente.

**Terceiro.-** A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

1. *“Tomar razón da resolución da concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 3 de febreiro de 2023, de exclusión deste procedemento de CONSTRUCCIONES VALE, S.L., por conter a súa oferta valores anormais ou desproporcionados, sen que se tivesen xustificando ao non presentar*

*xustificación algunha en prazo consonte ao informe asinado pola técnica de xestión e o xefe da Área de Inversións o 30 de xaneiro de 2023.*

- 2. Adxudicar a CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A. (COVSA) (A-36.008.886) o procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Mellora da pavimentación da rúa Nigrán" (1.446-441) por un importe de 84.574,86 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 14.678,28 euros.*

*Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada.*

*Este proxecto é susceptible de ser cofinanciado pola Deputación provincial de Pontevedra a través do Convenio para a execución dun "Plan de mellora da mobilidade urbana sostible na Cidade de Vigo 2021/2023, recuperación do sistema dunar na Praia de Samil e mellora da cubrición do patio no colexio CEIP Javier Sensat".*

## **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. Presidente rematou a sesión ás catorce horas e vinte e sete minutos. Como secretaria dou fe.

JRB/me.

O CONCELLEIRO-SECRETARIO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL  
Abel Losada Álvarez.

O ALCALDE  
Abel Caballero Álvarez